

# POR QUE SOMOS TANTOS? Club de Lectura “Os Viós-bardos”

## 1. EVOLUCIÓN DO CLUB:

- 2008-2009: 12 alumnos.
- 2009-2010: 24 alumnos
- 2010-2011: 59 alumnos. (53 no momento actual)
  - 24 do curso 2010-2011+35 que se suman novos.
  - Características do grupo? HETEROXÉNEO: sexo, idades, rendemento académico, capacidade e hábitos lectores...

## 2. POSIBLES CAUSAS:

### a) Identificación cun grupo.

- Mascota.
- Carnet de Viós-bardo.
- Identificación de nº de Viós-bardos por aula.

### b) Implicación e protagonismo na actividade do Centro:

- Características especiais dun centro pequeno. (Maior acceso ao alumnado, maior repercusión das actividades, visibilidade da biblioteca...)
- Participación nas actividades da biblioteca.
- Selección e adquisición dos materiais para a biblioteca nas librarías.
- Implicación no Programa Arce (temática da Igualdade):
  - Proposta de actividade: “Análise dos roles por sexo na literatura xuvenil que len os nosos alumnos”.

### c) Saída anual:

- Visita de biblioteca + visita de librarías.
  - Coñecer diferentes tipos de bibliotecas.
  - Aprender a manexarse nas librarías: consultar ao libreiro.
- Selección, con xustificación, de materiais para a biblioteca.

### d) Desenvolvemento das sesións:

- Ambiente pouco formal.
- Elección das lecturas:
  - Flexibilidade e participación do alumnado.
  - Mestura de libros de calidade con suxestións do alumnado.
- Motivación “larpeira”. (Ás veces acompañamos as charlas con doces).
- Lectura: pretexto para a transversalidade (especialmente a igualdade).
- Contextualización das lecturas (autor, época, espazo...)
- Relación con outros libros: do mesmo autor, da mesma temática, da mesma época..
- Última sesión de despedida: chocolate con churros.

### e) Encontros con autores de libros lidos no Club.

### f) Hora de ler e Club de lectura: Como se alimentan mutuamente as dúas actividades.

- Aumento espectacular de préstamos nos últimos cursos.

### g) O que din os Viós-bardos.

- As aportacións dos Viós-bardos sobre o seu interese polo Club de lectura.